

ACTA DO XURADO DA CONVOCATORIA DOS I PREMIOS “CONNEXIO, ESPAZOS PARA A REFLEXIÓN”.

Sendo as 16:00 horas do día 13 de agosto de 2020, e reunido o Xurado (Comité de Expertos) co fin de outorgar os **I PREMIOS “CONNEXIO, ESPAZOS PARA A REFLEXIÓN”**, na sala de xuntas do Cei Nodus, e que o Concello de Lugo convocou, para promover o patrimonio arquitectónico de Lugo, o Camiño Primitivo, ao seu paso por Lugo, e dinamizar o tecido artístico e empresarial da comarca establecendo conexións entre os axentes culturais (empresas, creadores, artesáns, etc), a comunidade veciñal e os peregrinos, facéndolles así partícipes e parte activa do proxecto.

Aproveitando o paso do Camiño por Lugo e a influencia da execución do programa comunitario Europe Direct, xestionado desde o Servizo de Desenvolvemento Local do Concello,ponse en valor o contexto rural e os núcleos de poboación que o integran, dándolle a Lugo unha maior dimensión e proxección cara a Europa.

A través desta convocatoria premiarase a seis artistas creadores nacionais pertencentes o ámbito de diversas disciplinas: artes plásticas, escénicas, musicais e/ou decorativas. Aceptándose proxectos que sexan, á súa vez, transversais entre calquera disciplina artística.

O obxecto dos Premios é a realización de seis intervencións artísticas en seis templos relixiosos situados no Camiño Primitivo de Santiago, ao seu paso por distintas parroquias do termo municipal de Lugo: Santa María en Gondar, Capela do Carne, San Xóan Alto, San Vicente en Burgo, San Miguel en Bacurfn e San Pedro Mera. Todas as propostas deberán ser especialmente respectuosas co patrimonio arquitectónico, a contorna e o medio ambiente.

Para levar adiante o devandito concurso aprobaronse unhas bases de participación aprobadas mediante Decreto do Ilmo. Sr. Concelleiro Delegado de Desenvolvemento Local e Emprego, e procede agora a que este xurado (comité de expertos) se encargue de outorgar os premios, tal e como establece a base 6 da convocatoria: “6. **Xurado**. A valoración das solicitudes e a proposta de concesión efectuarase por un comité de expertos

composto por comisarios, xestores culturais, persoal da Diocese de Lugo e como secretario do xurado, con voz pero sen voto, un técnico do Concello de Lugo".

Constitúen o presente xurado (comité de expertos) unha vez nomeados por Decreto do Ilmo. Sr. Concelleiro Delegado de Desenvolvemento Local e Emprego, os seguintes:

- D. Ángel Calvo Ulloa, crítico de arte e comisario independente.*
- César Carnero Rodríguez, Delegado de Patrimonio histórico-artístico y Director del Museo Diocesano Catedralicio de Lugo.*
- Susana González, Comisaria independente e xestora cultural.*
- Esther Muñoz Mella, Directora de E.A.S.D. Ramón Falcón de Lugo.*
- Norman Veiga Álvarez, Técnico do Concello de Lugo, como secretario do xurado, con voz pero sen voto.*

O Xurado expón o seguinte e decide outorgar os premios do concurso a:

- Carlos Rodríguez Méndez – Capela do Carme
- Álvaro Negro Romero – San Miguel de Bacurín
- Ainara Legardón Pérez– San Pedro de Mera
- Juan López Díez – San Vicente do Burgo
- Estelle Isabelle Jullían – San Xoan do Alto
- Jesús Otero Iglesias – Santa María de Gondar

O xurado felicita ás persoas gañadoras ao mesmo tempo que agradece a todos aqueles participantes que non foron premiados.

Lugo, 13 de agosto de 2020.

